



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A RESPONSABLE DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FAIXAS SECUNDARIAS (APROL RURAL 2025).

EXPTE.: 2025/E001/000004

EXPTE. SOLICITUDE DA AXUDA: 2025/A008/000024

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 5 DE XUÑO DE 2025

Convócanse probas selectivas, mediante concurso, para a **CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FAIXAS SECUNDARIAS**, ao abeiro da subvención convocada pola Orde da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G). (DOG núm. 50, do 13/03/2025), cuxas bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 428/2025 de data 5 de xuño de 2025, as cales se transcriben a continuación:

“BASES PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DE DOUS PEÓNS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FAIXAS SECUNDARIAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DO 5 DE MARZO POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G). (DOG NÚM. 50, DO 13/3/2025).

EXPTE TEDEC: 2025/E001/000005

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación dun/dunha técnico/a responsable do servizo de prevención de incendios nas faixas secundarias ao abeiro da subvención concedida no marco da orde da consellería de emprego, comercio e emigración do 5 de marzo pola que se establecen as bases que regulan subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G). (dog núm. 50, do 13/3/2025).

A contratación realizarase e queda vinculada á citada subvención.

Estes/as traballadores/as dedicaranse á limpeza e mantemento de vías dentro das faixas secundarias do Concello de Camariñas.

SEGUNDA.- MODALIDADE CONTRACTUAL, DURACIÓN E RETRIBUCIÓNS.

A modalidade de contrato é a regulada pola Disposición Adicional Novena do Texto Refundido da Lei de Emprego, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, é dicir contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade, coas cláusulas específicas de traballos de interese social e a xornada completa para desenvolver as funcións as que se refire a base anterior.

A duración do contrato será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución das actuacións que se recollen na base primeira, que nunca poderá exceder de 9 meses.

O horario de traballo será fixado de acordo coas necesidades do servizo en virtude de Decreto da Alcaldía.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A retribución bruta mensual establecida é de 1.381,33 euros (salario base 1.184,00 euros, parte proporcional paga extra 197,33 euros).

TERCEIRA.- CONDICIÓN DOS/DAS ASPIRANTES.

As persoas participantes no proceso de selección poderán ser unicamente aqueles que se encontren incluídos na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina Pública de Emprego en relación coa oferta de emprego que realizará o Concello de Camariñas para cubrir ditas prazas, dita oferta será solicitada a partir **DO TERCEIRO DÍA HÁBIL SEGUINTE Á PUBLICACIÓN DAS PRESENTES BASES NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO.** Na devandita oferta de emprego se especificará: Técnico/a forestal, categoría profesional 30, xefe de equipo.

Para poder tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. 56 e seguintes Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público e aqueles establecidos pola da consellería de emprego, comercio e emigración do 5 de marzo pola que se establecen as bases que regulan subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G). (dog núm. 50, do 13/3/2025), isto é:

A) Ser cidadán español, sen prexuízo do establecido no art. 57. 4 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.

B) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

C) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

As persoas con discapacidade igual ao superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida por organismo competente.

E) Estar desempleado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e ata a formalización do contrato de traballo.

Será nula a contratación dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA. – FORMA E PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- O Concello formulará oferta xenérica de emprego ante a Oficina Pública de Emprego de Cee aos efectos de que pola mesma se remita ao Concello a listaxe de persoas candidatas para cubrir a praza.

Remitida pola Oficina Pública de Emprego a listaxe de persoas candidatas, esta farase pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose a data de publicación no taboleiro de anuncios do Concello), **DISPOÑENDO AS PERSOAS INTERESADAS INCLUÍDAS NA**



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

MESMA DE TRES DÍAS HÁBILES, A CONTAR DESDE A PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS, para presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de participación que se presentará no modelo que pode atoparse na sede electrónica do Concello de Camariñas no apartado “Emprego Público e recursos humanos”: “Convocatoria de persoal” ou no seguinte enlace: https://sede.camarinas.net/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersonal_N
- b) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou equivalente.
- c) Relación de méritos que alegue para a súa avaliación na fase do concurso, que se acompañará da documentación acreditativa daqueles.

As solicitudes presentaranse en modelo oficial que se achega como anexo ás bases, dirixidas á Alcaldía, presentaranse no Rexistro Xeral das oficinas municipais en horario de oficina ou no Rexistro telemático (sede electrónica), durante o prazo antes sinalado. Ademais as instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso os e as aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico: correo@camarinas.net, achegando copia da solicitude rexistrada.

3.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

4.- Como xa se dixo na base anterior estes requisitos deberán de posuírse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e especialmente, de ser o caso, no momento da contratación polo que calquera alteración deberá ser comunicada a esta Administración, en especial con ocasión da formalización dun contrato de traballo.

5.- Coa presentación da citada instancia entenderase que os/as interesados/as aceptan toda e cada unha das bases deste convocatoria.

QUINTA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, dentro dos cinco días hábiles seguintes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houbese. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No caso de que as solicitudes non deran lugar á subsanación a resolución da Alcaldía aprobará xa a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas.

Os/as aspirantes excluídos/as, así como aquelas persoas omitidas na relación de admitidos/as ou excluídos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello, que tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios), para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos/as e excluídos/as. Os e as aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen á omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección. Resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os e as interesadas decaerán en todos os dereitos.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

O Tribunal Cualificador/Comisión avaliadora estará integrado do seguinte xeito:

Presidenta: D. José Manuel Ameijeiras Oreiro, capataz do Concello de Camariñas

Suplente de Presidente: D. José Castro Cures, oficial de obras do Concello de Camariñas.

Vogais:

D. Manuel Castiñeira Santos, encargado do Concello de Camariñas

Dña. Marta Castro Suárez, peón do Concello de Camariñas

D. Manuel Silva Canosa, peón do Concello de Camariñas

Vogais Suplentes:

D. José Manuel Tedín Tedín, conserxe do Concello de Camariñas.

Dña. María Asunción Méndez Vilalta, arquitecto do Concello de Camariñas.

D. Jesus Manuel Lemus Mouzo, peón do Concello de Camariñas

Secretaria: Dña. María Mercedes Búa Barrientos, auxiliar administrativa do Concello de Camariñas.

Secretaria suplente: Dña. María Dolores Rey Bértola, administrativa do Concello de Camariñas.

2.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A selección dos e das aspirantes efectuarase polo sistema de **CONCURSO** de acordo co seguinte detalle:

A puntuación máxima das dúas fases será de 20 puntos.

Aos efectos de dar cumprimento ao art. 14 da orde da consellería de emprego, comercio e emigración do 5 de marzo pola que se establecen as bases que regulan subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

procedemento TR351G). (dog núm. 50, do 13/3/2025), á que están vinculadas as presentes contratacións/selección de persoal, a fase de concurso desenvolverase da seguinte forma.

Constituído o Tribunal, este reunirase na sesión ou sesións non públicas que sexan necesarias para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes admitidas. O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

Méritos a valorar e forma de acreditarlos, a documentación será orixinal ou copia compulsada:

Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría. Por cada hora de formación 0,01 puntos ata un máximo de 6 puntos. Acreditarase co certificado da formación.

Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia:

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 0,5 puntos. Acredítase cun informe que indique que é integrante de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social emitido por un traballador ou traballadora social.

Persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 0,5 puntos. Acredítase coa resolución de perceptor de RISGA emitido pola Xunta de Galicia.

Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual:

Mulleres: 0,5 puntos. Acredítase co DNI.

Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: 0,5 puntos máis.

Acredítase con calquera dos seguintes documentos: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, sentenza xudicial, informe do Ministerio Fiscal, informe das forzas e corpos de seguridade, informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional:

Menores de 30 anos: 0,5 puntos. Acredítase co DNI.

Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional: 0,5 puntos máis. Acredítase co DNI e o informe de vida laboral.

Persoas paradas de longa duración:

Persoas paradas de longa duración entre 12 e 24 meses: 0,5 puntos. Acredítase co informe de períodos de inscrición emitido pola oficina de emprego.

Persoas paradas de longa duración superior a 24 meses: 1 punto. Acredítase co informe de períodos de inscrición emitido pola oficina de emprego.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Persoas con discapacidade: 1 punto. Acredítase co certificado de minusvalía.

Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 1 punto. Acredítase cunha certificación que indique que non está cobrando ningunha prestación ou subsidio emitido polo SEPE (Oficina de emprego, área de prestacións).

Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 1 punto. Acredítase co DNI.

Persoas trans: 1 punto. Acredítase co certificado do Rexistro Civil.

Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso: 1 punto. Para acreditar ser persoa emigrante retornada presentará o certificado de emigrante retornada ou a baixa consular. Para acreditar ser persoa estranxeira con autorización ou permiso presentará a tarxeta de identidade de estranxeiro ou resolución de concesión da autorización ou certificado de rexistro de cidadán da Unión Europea.

Por cada persoa que teña a cargo dentro dos seguintes perfís: cónxuxe ou parella de feito ou un fillo ou filla menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade ou persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0,5 puntos. Ata un máximo de 5 puntos. Acredítase co certificado de convivencia e a tarxeta de demandante de emprego da persoa maior de 16 anos a cargo, de ser o caso co certificado de minusvalía, sentenza pola que se declara a incapacidade e resolución administrativa de acollemento.

PUNTUACIÓN FINAL E DESEMPATE

A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola puntuación do concurso.

No suposto de empate a puntos entre dous ou máis candidatos/as o mesmo resolverase cos seguintes criterios: o que maior puntuación houbera obtido no apartado A do concurso e no caso de persistir o empate o mesmo resolverase por orde alfabético do primeiro apelido, comezando pola letra “F” conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda e Administración Pública para o ano 2025 (DOG número 16, de data 24 de xaneiro de 2025). As preposicións e artigos que formen parte do primeiro apelido non se terán en conta para o orde alfabético, e se escribirán detrás do nome posposto.

OITAVA.- CONTRATACIÓN E CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal cualificador, elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación laboral temporal que corresponderá ao/a primeiro/a aspirante da listaxe ordenada por puntuacións finais (incluído o desempate).

Dita proposta se fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

Así mesmo elevará a correspondente listaxe por orde decrecente de puntuación totais/finais do/s aspirante/s que non acaden a maior puntuación final (incluíndo o desempate, isto é a orde/prelación derivado do mesmo) e non teñan dereito á formalización do contrato de traballo, aos efectos da creación dunha bolsa de emprego.

Á vista da mesma, mediante Decreto de Alcaldía determinarase a orde definitiva dos integrantes da bolsa de emprego cos candidatos/as que non teñan dereito á formalización do contrato de traballo. Por orde da puntuación final obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes. Formarase esta bolsa de emprego para o caso de renuncia, incapacidade laboral, baixa voluntaria ou situacións análogas de vacancia no posto.

O citado Decreto será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios). No mesmo Decreto se requirirá o/a aspirante proposto/a para a contratación



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

para que dentro do prazo máximo de **3 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación proceda a presentar a seguinte documentación:

- a.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- b.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- c.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

Sen prexuízo de que a administración poda realizar as comprobacións que considere oportunas.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, fará que a persoa seleccionada quede excluída do procedemento e polo tanto non se poderá proceder á súa contratación; todo isto sen prexuízo da existencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerárase feita a prol do seguinte aspirante segundo a orde da listaxe a que se refire a presente base, requiríndoselle para que no prazo de tres días hábiles presente a documentación antes referida.

Presentada a documentación, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía procederá, previa resolución, á contratación do/a aspirante formalizándose o correspondente contrato laboral, na data que se sinala, para o que será necesario que previamente se comunique o número de afiliación á Seguridade Social (no caso de que este non tiña sido comunicado previamente, dita comunicación deberá facerse no prazo que se sinala por esta Administración).

Mentres non se formalice o contrato e non se produza a incorporación ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorre a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados do procedemento selectivo.

NOVENA.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA EMPREGO E CONTRATACIÓN DOS INTEGRANTES

Como xa se dixo a bolsa de emprego crease para o caso de renuncia, incapacidade laboral, baixa voluntaria ou situacións análogas de vacancia no posto ao que se refire as presentes bases de selección e sempre cando o Concello considere necesario acudir a ela.

Os chamamentos para o posto de traballo realizaranse seguindo a orde da bolsa de emprego.

Levarase a cabo de forma simultánea por medio de contacto telefónico e por correo electrónico. Telefonicamente, con chamada ao número de teléfono indicado na instancia presentada para participar no procedemento ou aportado posteriormente, por medio de dous intentos en horas distintas cunha diferenza mínima de 5 horas entre chamada e chamada, e simultaneamente realizarase comunicación por correo electrónico, á dirección que conste na instancia presentada para participar na bolsa de emprego ou aportada posteriormente polo candidato/a.

Deixarase constancia no expediente que se tentou contactar na forma indicada no parágrafo anterior, deixando constancia por escrito, ademais, dos que renunciaron, dos que non contestaron ao chamamento e do/a candidato/a que acepta o posto de traballo.

Cada vez que vaia a facer unha contratación comezase a chamar aos/as candidatos/as polo orde da bolsa de emprego, comezando sempre desde a primeira persoa dispoñible da listaxe que conforma a bolsa. Así mesmo aqueles que renunciaron por causa xustificada, permanecerán na listaxe na mesma posición en situación “suspensión por causa xustificada” ate que comuniquen a finalización desta



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

situación e a súa dispoñibilidade inmediata para un novo contrato. Tal dispoñibilidade entenderase efectiva no día seguinte hábil da efectiva comunicación, aos efectos do dereito de chamamento.

Si algún/algunha candidato/a non contesta, entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación. Si durante esa xornada (ata as 23:59 h) a persoa coa que non se deu contactado se pon en contacto co Concello por teléfono ou por correo electrónico ten dereito a ser contratada, doutro xeito entenderase que renuncia.

A renuncia ao posto pode presentarse por escrito no rexistro xeral do Concello.

No caso de que un/unha candidato/a renunciase, salvo por causa xustificada, pasará á posición final da listaxe no suposto dunha primeira e segunda renuncia, quedando excluído/a da listaxe no suposto dunha terceira.

Consideraranse causas xustificadas de renuncia, cese ou baixa voluntaria as seguintes:

- Estar en situación de IT ou situación médica temporalmente incapacitante ou en tramitación de calquera expediente de incapacidade permanente parcial polo INSS para o desempeño de determinados postos de traballo non inhabilitante para a categoría á que se presentara.
- Estar no período temporal correspondente ao permiso de maternidade/paternidade.
- Estar ao coidado de menores, minusválidos ou familiares de avanzada idade.
- Estar realizando unha acción ocupacional para mellora da empregabilidade a través dunha Administración Pública ou organismo homologado para impartición de tales accións.
- Acreditar dispoñer dun contrato temporal ou nomeamento interino tanto na Administración Pública como na empresa privada.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo o candidato deberá presentar a documentación á que se refire a base 8ª, agás aquela que obre xa en poder da administración, o prazo para a presentación será determinado pola administración tendo en conta a dispoñibilidade inmediata que poden motivar/esixen estas contratacións.

Nos restantes aspectos relativos á formalización do contrato de traballo se estará ao establecido na base 8ª.

DÉCIMA.- INCIDENCIAS.

1.- En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto de Traballadores, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

2.- No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non o superar ningún aspirante ou por non presentarse ningún ao proceso ou no caso que non se cubran o número de prazas convocadas, a Alcaldía queda autorizada a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo.

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución expresa do mesmo este se poderá entender desestimado.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto nos artigos 13.d) e 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo a única obriga para o Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Camariñas, asinado electronicamente pola Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial".

Camariñas, asinado dixitalmente en data 5 de xuño de 2025 pola Alcaldesa, D^a Sandra Insua Rial.